

### II.3. Fase de concurso.

II.3.1. A fase de concurso consistirá na valoración, ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición da experiencia profesional, entendida como os servizos prestados como persoal laboral na categoría 001 do Grupo V no ámbito do V Convenio Colectivo de persoal laboral da Xunta de Galicia, ou como persoal laboral na mesma categoría en calquera outra Administración Pública sempre que se inclúa dentro do mesmo grupo de titulación.

Entenderase que é a mesma categoría noutra Administración Pública cando figure no contrato asinado algunha das seguintes denominacións: Camareiro/a-limpador/a. Axudante/a cociña. Pasador/a de ferro-lavandeiro/a. Costureiro/a. Cortador/a. Pasador de ferro/a. Lavandeiro/a.

Os servizos serán valorados por meses de 30 días a razón de 0,10 puntos/mes.

Para estes efectos calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables, dividirase o resultado entre trinta (30), e multiplicarase por 0,10, de xeito que unicamente se valorará o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

## ANEXO I

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso na categoría 001 (Camareiro/a-limpador/a. Axudante/a cociña) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia

### Parte xeral:

Tema 1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978: títulos preliminar, I, II e III.

Tema 2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia: títulos preliminar, I e II.

Tema 3: V Convenio colectivo único para persoal laboral fixo da Xunta de Galicia: capítulos I, II, III, IV e V.